

## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 26 DE FEBREIRO DE 2015**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e seis de febreiro de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona M<sup>a</sup> Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, de EU; dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 27 de outubro de 2014, á sesión ordinaria do día 30 de outubro de 2014 e á sesión ordinaria do día 27 de novembro de 2014**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 27 de outubro de 2014, á sesión ordinaria do día 30 de outubro de 2014 e á sesión ordinaria do día 27 de novembro de 2014.

Non se formulan alegacións polo que a Corporación, por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións, vinte e un concelleiros na sesión extraordinaria do día 27 de outubro de 2014 e na sesión ordinaria do día 30 de outubro de 2014, e vinte concelleiros na sesión ordinaria do día 27 de novembro de 2014 (sete concelleiros do PP, cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, dous concelleiros de UxC, dous concelleiros de EU, dous concelleiros do BNG, o concelleiro de PdeC e o concelleiro do PGD) aproba os citados borradores.

## **2. PARTE RESOLUTIVA**

### **2.1. Modificación da relación de postos de traballo para o exercicio 2015**

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 24 de febreiro de 2015.

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación do día 26 de febreiro de 2015.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que, despois de falar con algúns dos voceiros esta mañá, e ante as dúbidas que lle expuxeron, proponlles deixar este asunto enriba da mesa e a semana que vén, se lles parece, reunirse e tratar o tema.

O Sr. alcalde pregunta se todos están de acordo en deixar o asunto sobre a mesa.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, acepta, a pesar de que con eles non falaron. Pide que conste en acta que a eles non os chamaron para comunicarlles esta idea que tivo o voceiro do PP.

Sometida a votación ordinaria a proposta de deixar sobre a mesa o asunto, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Deixar sobre a mesa a proposta de modificación da relación de postos de traballo para o exercicio do 2015.

## **2.2. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria de bono-taxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2015**

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación do día 19 de febreiro de 2015.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda, e pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 24 de febreiro de 2015.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira do PP, explica que por cuarto ano consecutivo elabóranse as bases da convocatoria do bono-taxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida. Trátase de promover un medio alternativo de transporte adaptado para aquelas persoas gravemente afectadas na súa mobilidade e que teñen dificultades para utilizar o transporte público, co fin de que poidan gozar dos mesmos dereitos que o resto dos cidadáns.

Actualmente di que contan en Cambre, dende mediados do 2014, cun eurotaxi adaptado. É un servizo que está funcionando moi ben e do que son usuarios os beneficiarios do bono-taxi de Cambre. A experiencia de anos anteriores foi moi positiva e este ano seguen na mesma liña, simplemente cun pequeno matiz, que incrementan un 20% o límite de ingresos económicos, pasando dunha renda dun 180% a un 200% do IPREM vixente para o 2015.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vaise abster neste punto e vai intentar xustificar o porqué. Di que dende o seu punto de vista existe unha evidente desconexión entre o Goberno municipal e os potenciais destinatarios do servizo. Falla a proxección e a comunicación, por canto dende o Goberno municipal ao longo destes anos non se soubo achegar o servizo aos beneficiarios. Con darlle unicamente publicidade no BOP, entenden que non basta, e tempo haberá de analizar en profundidade as causas obxectivas, que pasan seguramente por unha redefinición dos obxectivos e natureza do programa.

En canto ao eurotaxi que dicía a Sra. concelleira, por outra parte, a diferenza do que ela lles ten vendido nos últimos anos como unha panacea, tampouco veu mellorar a accesibilidade dun maior número de usuarios, que no último ano non só non se teñen incrementado, senón que se viron reducidos, pasando de oito en 2013 a sete en 2014, isto segundo as estimacións da Sra. concelleira. É o que lles dixo o pasado martes en comisións informativas, sete beneficiarios no 2014.

Conclúe dicindo que, como dixo ao inicio, o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que un ano máis seguen querendo tapar os erros que ten a Xunta de Galicia co servizo do 065, e fano cos cartos dos veciños e veciñas de Cambre. Non obstante, tampouco queren prexudicar aos usuarios, que son os que menos culpa teñen de todo isto e, polo tanto, o seu grupo tamén se vai abster.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que no mesmo sentido que apuntaba o voceiro de UxC, o seu grupo tamén se vai abster, porque a día de hoxe, despois de todos estes anos, aínda lles falta, e llelo teñen reiterado e llelo teñen pedido, non só dende EU, senón dende practicamente todos os grupos, que lles fixera chegar todas as xestións realizadas e todos os trámites realizados ante a Xunta de Galicia para esixir que se cumpra co servizo do 065. E ese si que é un traballo da concelleira, porque é un servizo que está absolutamente desmantelado pola Xunta de Galicia, que xa recoñeceu que é un servizo caro, e todas esas peticións e ese traballo si tería que telo feito, esixir á administración autonómica competente que xestionara un servizo para as persoas dependentes, o cumprimento desa competencia da Xunta de Galicia.

Pero di que non é así, que calan a boca, intenta neste caso o Sr. alcalde calar a boca aos veciños con esta medida, que nin chega, nin é suficiente, nin é unha medida que poidan aplaudir. Conclúe dicindo que non van votar en contra, evidentemente, pero tampouco van contar co seu voto afirmativo, vanse abster.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que dende o seu grupo máis do mesmo. Parécelles unha esmola, e xa lles parecía hai catro anos cando se aprobou, sobre todo se teñen en conta canto cobra algún político por asistir a xuntas de goberno. O que tiña que reclamar o Sr. alcalde dende este concello era un 065 que funcione, que se dote de medios económicos, sobre todo, e que funcione, en vez de intentar dar esta esmola á xente que non reclama esmolas, simplemente xente que reclama dereitos.

Conclúe dicindo que é por iso que eles se van abster.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC, manifesta que vai manter o voto da comisión e vai votar a prol.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel indica que simplemente quere aclarar que non é ningunha esmola ofrecerlles a persoas que xa teñen o 065, e como servizo complementario, 600 euros ao ano. Non cre que sexa ningunha esmola, é simplemente unha axuda para que poidan facer desprazamentos aos que o 065 non chega. Dende o departamento de Servizos Sociais non se lle pon obxección para que vaian a viaxes culturais, a viaxes de lecer, non se pon obxección para nada.

O 065 chega para o que chega, e ela, no seu departamento, agora mesmo ten menos queixas do 065. Si que se puxeron todas as denuncias que tiveron que poñer para que funcionara mellor, por suposto que as ten feitas. Non quedaron sen facer, están feitas. Simplemente, mentres non funcione todo o ben que debería, ou mentres non o amplíen máis, mentres non pase iso, os veciños de Cambre que teñen unha disfunción, que non poden moverse igual que outras persoas, poden beneficiarse e facer unha vida máis normalizada da que poderían facer doutra maneira.

Conclúe dicindo que ela cre que é ofensivo dicir que se lles dá unha esmola, porque lle pode dicir que é un servizo moi satisfactorio, as persoas están moi contentas co servizo que se lles está dando.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto explica que ela fala de esmola porque 600 euros, ao mellor para viaxar en taxi a unha persoa sen ningún tipo de redución na súa capacidade, un taxi normal efectivamente dan para facer varias viaxes, pero todos saben que ese tipo de taxis cobran moitísimo máis. Explica que ela no seu momento mirara iso, e incluso chegaba ata 60 euros ir dende Cambre ao Abente y Lago.

E respecto do que dixo a Sra. concelleira de que é mentres o 065 non funcione mellor, dille que non, que o que pasa é que o PP está desmantelando ese servizo. O 065 foi creado para lecer e para máis, é dicir, cubría as necesidades de calquera persoa, ben de forma definitiva, ben temporalmente, por exemplo unha persoa que partía unha perna e necesitaba ese tipo de transporte. O PP chegou á Xunta e encargouse de ir desmantelándoo pouco a pouco, e agora mesmo todos saben que non cumpre coas funcións para as que foi creado.

En canto a que é unha esmola, dille que si, e repite, pregunta canto gana algún político por ir a unha xunta de vinte minutos. Pregunta se hai distinta vara de medir cando se trata dos cartos que levan os políticos, e cando se trata dos cartos que levan os veciños de Cambre. Pide que non se esquezan de que os cartos que levan os políticos son dos veciños de Cambre, e sobre todo deberían reverter directamente nos veciños de Cambre.

Por iso di que é unha esmola, simplemente sabendo o que este Goberno lle paga a algún membro por asistir a reunións de vinte minutos. Isto o di ela e tamén o di calquera veciño.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel manifesta que soamente quere contestarlle que ela estará moi informada do custo dos taxis á Coruña, pero non se informou ultimamente, porque o eurotaxi que teñen en Cambre cóbralle exactamente igual a ela que a unha persoa con discapacidade, exactamente o mesmo, actualmente non ten ningunha recarga especial, e dille que pode falar co eurotaxi de Cambre. Estalles cobrando exactamente o mesmo por facer as viaxes, o mesmo.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do PGD, manifesta que el non quere entrar en polémica, ben sabe que están preto as eleccións e que a todos lles gusta dicir o que lles apetece, pero dilles que as xuntas de goberno non duran vinte minutos, iso era o que pasaba cando estaba gobernando aquí o BNG en coalición, pero aquí ninguén quere saber as culpas dos demais. El sabe o que duraban daquela e sabe o que duran agora, e el vén todos os días ao Concello de Cambre, a partir das 08:30 da mañá, ata as 14 ou 14:30 da tarde, todos os días do ano.

Di que todos os días do ano, menos os fins de semana, está atendendo aos veciños e non cobra dedicación ningunha, como cobraban os señores do BNG, os seus antecesores, que cobraban máis do dobre do que cobra el ao final do ano. Máis do dobre, facendo o mesmo traballo que fai el, mellor ou peor, el niso non se vai meter, pero cobraban máis do dobre do que cobra el ao final do ano.

Veñen outra vez meténdose co tema do que el cobra polas comisións de goberno, porque el é o único que as cobra, e senón pregúntalle á concelleira do BNG a quen se dirixía, se era aos que cobran unha media dedicación fixa. Di que non fai falta, que non son parrulos de todo, pero que ela veña outra vez con esta dinámica, a el parécelle que non é de recibo.

Por outro lado, dille que ela tamén cobra 200 euros por vir aquí aos plenos, por estar aí sentada o tempo que sexa, cobra 200 euros. E tamén os cobra el, igual que ela, por estar aquí sentado o tempo que están aquí, pero el despois está todos os días no concello atendendo aos veciños, esa é a diferenza.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López di que quere facer unha pequena puntualización. A día de hoxe e co tempo que se levan coñecendo, pídelles á Sra. concelleira que lle permita que lle diga que se ela di que fixo denuncias ante a Xunta de Galicia, ela, pola súa parte, dille que fixo o acueduto de Segovia. Pregúntalle se a cre, e se non a cre, entón, que complete. Porque pedíronlle insistentemente que se fixo esas denuncias, se fixo eses requirimentos, se fixo esas peticións, que llelos fixera chegar, que lles fixera chegar unha copia de todas as xestións que levou a cabo, e non o fixo.

Pídenllelo e a concelleira dilles que si, como cordeiro degolado. Pois dille que lles diga que non, e así non agardan por elas, e non pode pretender dicir agora que fixo todas as denuncias que tiña que facer e que eles a crean, porque ela, que está aquí fronte á Sra. concelleira, mirándoa á cara, non a cre. Para demostrarlle o contrario e calarlle a boca, debería entregarlle, non a ela, senón a todos, que llo levan pedindo moito tempo, todas esas xestións que é obrigación dela facer.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel dille que non se preocupe, que llemas fará chegar todas, porque no momento en que lle chegou unha protesta do 065, e leva meses e meses sen recibir ningunha, pero no momento en que lle chegaban as denuncias do 065, nese mesmo día mandaba a denuncia á Xunta de Galicia. A Sra. concelleira dirá que non, e que ela é mentireira, pode dicir o que queira, pero ela dille que as enviou, e xa llemas fará chegar para que todo o mundo o saiba tamén.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto dille ao Sr. Marante que ela, para comezar, non quere entrar neste debate, xa está moi sabido. En canto ao tema de que duran vinte minutos, dille que lea as actas, as actas están aí e vese o que duran as reunións, e algunhas non chegan aos vinte minutos.

En canto a iso de que ela cobra 200 euros e é igual que el, dille que non, que iso si que non, e vaille dicir o porqué, vaille dicir que os diferenza. Son 200 euros, que ao final non son tal, pero ben, 200 euros dela, ao igual que os do Sr. concelleiro, efectivamente aí están iguais, pero hai diferenza entre eses 200 euros que cobra ela e os que cobra el, que cre que son 500 ou 450, ou algo así, nas comisións de goberno. Como ela non as cobra non o lembra exactamente, non ten a documentación para dicir exactamente canto cobra, pero 400 euros, 480 ou algo así, unha burrada baixo o seu punto de vista sabendo o que gaña un veciño de Cambre por traballar oito horas diarias nunha empresa. Pero reitéralle que non son iguais, porque ela cobra 200 euros co seu voto en contra, ela votou en contra de cobrar eses 200 euros, a ela páganllos e loxicamente que os cobra, agora ben, co voto en contra do BNG.

Di que é máis, cando fala cos veciños e lle din que foron ao concello e lles negaron algo, pregúntalles se saben canto cobra ela os martes por ir a unha xunta, 100 euros, e os xoves 200. Di que mira que vara de medir tan distinta, e o Sr. concelleiro cando votaron iso, votou a prol. Ela cobra 200 euros co voto a prol do Sr. concelleiro e co seu en contra, ela, e todos os concelleiros que están aquí sentados. Dille que entón non todos son iguais.

Toma a palabra o Sr. alcalde e di que el cre que este tema non ten máis discusión, porque o que están tratando é o bono-taxi, non se o Sr. Marante cobra máis ou cobra menos por asistencia a reunións e plenos. É o soldo que ten como político, así que rógalles que voten as bases da convocatoria do bono-taxi.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria de bono-taxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2015, tal e como se transcriben a continuación, así como o gasto correspondente:

## **BASES DA CONVOCATORIA DE BONO-TAXI PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA PARA O EXERCICIO DO 2015**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A presente convocatoria ten por obxecto establecer o procedemento para a concesión de axudas económicas individuais para proporcionar un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con discapacidade, gravemente afectadas

na súa mobilidade, e que teñen dificultades para utilizar o transporte público colectivo, axudando a conquistar unha maior integración.

A fundamentación xurídica que o avala é:

R.D. Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, onde os seus principios rectores se fundamentan no artigo 49 da Constitución Española e que obriga aos poderes públicos a prestar ás persoas discapacitadas todos aqueles medios que resulten necesarios para o efectivo exercicio dos dereitos fundamentais.

R.D. Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persas con discapacidade e da súa inclusión social, teñen por obxecto adoptar medidas tendentes a facer efectivo o dereito á igualdade de oportunidades e a evitar ou compensar as desvantaxes das persoas con algunha discapacidade para participar plenamente na vida política, cultural, económica e social.

O Concello de Cambre, a través da Concellería de Igualdade, Benestar social, Sanidade e Educación, co obxecto de conquistar unha maior integración das persoas con discapacidade, quere establecer un sistema de axudas que facilite o acceso aos taxis adaptados. Para a plena efectividade deste proxecto elabóranse as presentes bases que regulan o sistema de adxudicación dos bono-taxis, así como a súa contía.

## **PRIMEIRA – OBXECTO DA CONVOCATORIA**

A presente disposición ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións destinadas a proporcionar un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con discapacidade, gravemente afectadas na súa mobilidade, e que teñen dificultades para utilizar o transporte público colectivo.

Concrétase na concesión dunha axuda económica individual que, en forma de bonos, permita ás persoas beneficiarias a utilización do servizo de taxi adaptado (eurotaxi) para os seus desprazamentos persoais.

Haberá que empregar o eurotaxi existente no municipio de Cambre e poderase recorrer aos eurotaxis máis próximos sempre que non exista dispoñibilidade.

## **SEGUNDA- FINANCIAMENTO**

Para a concesión destas axudas existe crédito no actual orzamento municipal prorrogado, na aplicación orzamentaria “2015 231 223 Programa transporte adaptado” por importe de 10.000,00 euros.

A máxima cantidade a percibir a través dos bonos por beneficiario/a será de 600 euros ao ano.

## **TERCEIRA – REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS**

1. Poderán solicitar a subvención as persoas con discapacidade e mobilidade reducida que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar empadroado no municipio de Cambre cunha antigüidade dun ano, anterior á apertura do prazo da solicitude e permanecer de alta no padrón de habitantes municipal mentres se perciba a axuda.
- Ser maior de 3 anos.
- Ter recoñecida a condición legal de minusválido, en grao igual ou superior ao 33% e mobilidade reducida que impida empregar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de minusvalía, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO), dependente da Xunta de Galicia.
- Carecer, calquera membro da unidade de convivencia, de vehículo propio adaptado para a súa condución e no caso de telo poderán solicitar esta axuda soamente para aqueles períodos, nos que, por causas sobrevidas debidamente xustificadas, non poidan utilizalo.
- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, coa seguridade social e coa facenda autonómica e local, e non atoparse inhabilitados para a obtención de subvencións públicas. Para os efectos anteriores terá que autorizar ao concello, mediante impreso normalizado, para a comprobación dos datos fiscais.

- Para os traballadores, non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo deste beneficio, ou non ter dereito a este servizo a través de MUFACE, ISFAS ou outra entidade.
- Non poderá dispoñer cada membro da unidade de convivencia dunha renda per cápita anual superior ao 200% do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), vixente no exercicio do 2015. Excepcionalmente poderá incrementarse o límite de ingresos nun 20% adicional, logo do informe técnico do departamento de Servizos Sociais.

2. Considérase unidade de convivencia a todas aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio, constando con tal carácter nun rexistro público.

3. Considérase que existe unha unidade de convivencia independente, aínda que vivan no mesmo domicilio, no seguinte suposto:

- A constituída por persoas, con ou sen fillos, que se atopen en proceso de nulidade, separación ou divorcio legal; cesamento acreditado de relación análoga á conxugal.

4. Para os efectos desta convocatoria, para a determinación da renda anual terase en conta a suma da base impositiva xeral máis a base impositiva do aforro, declaradas ou declarables no imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio 2013 e correspondentes a cada un dos membros computables da unidade familiar, e dividido polo número de membros que a integran.

A súa contía calcularase conforme ao resultado da realización da seguinte operación, coas cantidades que figuren nas casillas que se indican, das declaracións do IRPF ou certificado de renda ou prestacións para o exercicio 2013: Casilla 366 + Casilla 374.

Se non constan as referidas casillas, a casilla 366 Base impositiva xeral será o resultado das seguintes operacións: (361)-(362)+(363)-(364)-(365).

A casilla 374 Base impositiva do aforro será o resultado das seguintes operacións: (368)-(369)+(371)-(372).

Nos supostos de non efectuar declaración da renda no exercicio 2013, por non estar obrigado a iso, teranse en conta a suma dos rendementos do traballo, rendementos do capital mobiliario, ganancias patrimoniais sometidas a retención menos os gastos deducibles do traballo.

#### **CUARTA – SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN**

1. As axudas serán solicitadas polas persoas beneficiarias ou por quen ostente a súa representación, nos supostos de menores de idade ou persoas con declaración de incapacidade legal.

2. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do Concello de Cambre, situado na planta baixa da Casa Consistorial, rúa Adro, núm.1 ou no rexistro auxiliar de entrada, situado nos baixos onde actualmente se atopan as oficinas de Cultura, Educación, Deportes e Servizos Sociais, na rúa Río Barcés núm. 8 da Barcala, en horario de 12:00 a 14:00 horas ou na Casa das Palmeiras no Temple, en horario de 09:00 a 11:00 horas, segundo o modelo oficial de solicitude (Anexo I), acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do libro de familia. Certificación ou copia compulsada de inscrición de matrimonio, parella de feito, unión non matrimonial ou calquera outro tipo de unidade de convivencia debidamente rexistrada.
- Fotocopia compulsada do DNI ou no seu defecto do NIE do solicitante ou do representante legal de ser o caso. E documentación acreditativa da patria potestade ou representación legal do menor (libro de familia ou resolución xudicial).
- Fotocopia compulsada do certificado oficial de minusvalía da persoa beneficiaria, expedido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO), no que conste que ten dificultades para a utilización do transporte público colectivo.

- Documentación acreditativa de ser beneficiario, no seu caso, do servizo galego autonómico de apoio á mobilidade 065.
- Anexo II de declaración responsable da persoa beneficiaria, na que se faga constar:
  - Que o solicitante non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición para a obtención de subvencións públicas.
  - Non ser titular de vehículo propio adaptado para a conducción, nos termos reflectidos na base terceira da convocatoria.
  - Non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro a través de ISFAS, MUFACE,...
  - Aceptar as actuacións de comprobación que acorde o equipo técnico dos servizos sociais municipais.
- Autorización, asinada por todos os membros da unidade familiar computables, para que o Concello de Cambre poida solicitarlle datos tributarios á axencia tributaria relativos ao seu nivel de renda e ao cumprimento por eles das súas obrigas tributarias, segundo Anexo III.
- No suposto de que o solicitante ou algún dos membros da unidade de convivencia non estean obrigados a presentar a declaración anual do IRPF, a xustificación de ingresos efectuarase mediante:
  - Certificados ou cartas de actualización das pensións emitidas polo Instituto da Seguridade Social ou outros organismos competentes, indicando a contía mensual que perciban os membros da unidade de convivencia que sexan pensionistas ao longo do exercicio do 2015, de ser o caso.
  - Fotocopia compulsada das 2 últimas nóminas dos membros da unidade de convivencia que estean traballando, de ser o caso.
  - Certificado do INEM, no que se reflicte a contía das percepcións económicas que perciban os membros da unidade de convivencia que se atopen en situación de desemprego, de ser o caso.
  - Certificado acreditativo de desempeñar actividade formativa (incluíndo cursos de formación), dos maiores de 18 anos, de ser o caso.

#### **QUINTA – PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase ao día seguinte da publicación da presente convocatoria no BOP e rematará o 30 de novembro.

De forma excepcional poderanse admitir solicitudes fóra deste prazo cando concorra algún dos seguintes supostos:

- Recoñecemento da discapacidade que afecte gravemente á mobilidade e impida a utilización do transporte público colectivo en data posterior á finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- Calquera outra circunstancia de especial urxencia segundo valoración do equipo técnico de servizos sociais.

O departamento correspondente revisará os expedientes de solicitudes e verificará que conteñan a documentación esixida. Se resultase que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de DEZ días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

#### **SEXTA – TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA**

1.- Xunto coa documentación presentada en modelo oficial, en calquera dos rexistros de entrada do Concello de Cambre ou en calquera outro dos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, incorporarase de oficio o volante de empadramento.

2.- Unha vez recabada toda a documentación esixida, o equipo técnico municipal de servizos sociais, emitirá un informe proposta acerca do cumprimento ou non dos requisitos esixidos na base terceira da presente convocatoria.



O procedemento de concesión destas subvencións axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que pola finalidade da axuda non se considera adecuado fixar unha orde de prelación entre as solicitudes.

3.- Con base na proposta formulada, as axudas serán concedidas ou denegadas por resolución da Alcaldía ou concellería delegada, no seu caso.

4.- O prazo máximo de resolución e notificación ao interesado será de 30 días hábiles contados dende a recepción da totalidade da documentación requirida.

5.- Unha vez recibida a resolución de concesión de axuda, terán que pasar persoalmente a recoller os bono-taxi polas dependencias de servizos sociais municipais do Concello de Cambre, sito en Río Barcés, núm. 8 da Barcala (Cambre).

O importe individual dos bonos será en función do número de solicitudes validadas, cun tope de 600 euros por beneficiario, dividindo o crédito dispoñible na aplicación orzamentaria entre o número de usuarios admitidos, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes.

6.- Remitirase aos titulares dos euro taxis accesibles un listado coas persoas beneficiarias das axudas.

#### **SÉTIMA – REGULACIÓN NO USO DO BONO-TAXI**

Os bono-taxis emitiranse en soporte papel. O seu uso é persoal e intransferible. Expediranse nas oficinas de servizos sociais do Concello de Cambre, onde se entregarán aos beneficiarios, estando estes obrigados a cumprir as normas establecidas para esta axuda.

As persoas beneficiarias entregarán os bono-taxis por viaxe, debidamente cubertos, ao taxista como contraprestación do transporte, podendo empregarse todos os bonos que sexan precisos por servizo. Presentarase o DNI ou NIE do beneficiario no momento de facer o pago do servizo a través dos bono-taxis.

Os bono-taxis expediránse por importe de 0,5 euros, 1 euro, 5 euros, 10 e 15 euros. O beneficiario achegará a moneda fraccionada correspondente por importe inferior a 0,5 euros.

Os bono-taxis terán validez anual, e só poderán empregarse ata o 20 de decembro de 2015.

Poderán empregarse os bonos-taxis para servizos dentro da provincia da Coruña.

Os bono-taxis deberán conter:

- Valor do bono.
- Número de bono.
- DNI ou NIE do beneficiario.
- Nome e apelidos do beneficiario.
- Sinatura do beneficiario.
- Núm. licenza taxi.
- Data de expedición do bono.
- Importe traxecto realizado.
- Traxecto realizado.

Cando a utilización desta prestación non se axuste á normativa establecida nestas bases dará lugar á perda do dereito de disfrutar desta axuda.

Os bonos empregaranse para:

- Xestións administrativas (bancos, xestorías, concello, Seguridade Social, Facenda, Axencia Tributaria,...).
- Visitas médicas.

- Actividades culturais, deportivas, educativas e de lecer.
- Outras a valorar polo departamento municipal de servizos sociais.

No momento en que o taxista facture ao concello os servizos prestados, haberá de presentar adxunto á factura os bonos empregados, agrupados por cada traxecto, e polo menos no primeiro deles constarán cubertos todos os datos indicados anteriormente.

#### OITAVA – OBRIGAS DA PERSOA BENEFICIARIA

As axudas do bono-taxi son persoais e intransferibles, debendo utilizalos para a finalidade para a que foi concedida.

Unha vez finalizado o periodo de validez dos bonos e antes do 30 de decembro de 2015, a matriz xunto con bonos sobrantes, no seu caso, haberán de ser devoltos aos Servizos Sociais do concello para os efectos de control do uso dado a estes.

A falsidade dos documentos presentados para a concesión da axuda ou as irregularidades do uso dos bono-taxis entregados, dará lugar ao reintegro do importe dos bono-taxis empregados e á devolución dos pendentes de uso, así como á reclamación dos xuros de contrinximento correspondentes a computar dende o momento en que teñan lugar os respectivos pagos, sen prexuízo de quedar excluídos en futuras convocatorias.

#### NOVENA – TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Os datos persoais que deban facilitar os solicitantes, o serán para os efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter esta axuda e serán tratados para os efectos da súa concesión, sendo responsable do tratamento dos datos a Concellería de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación.

Para os efectos da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o solicitante ou representante legal, así como calquera outra persoa ou persoas que acheguen datos persoais á solicitude, autorizan ao Concello de Cambre, a través da Concellería de Igualdade, Benestar social, Sanidade e Educación, Área de Servizos Sociais, a incorporar os datos recollidos a un ficheiro automatizado responsabilidade desta concellería, que ten por finalidade dar cumprimento ás funcións a realizar dentro do proceso de trámite, xestión e prestación de servizos públicos encomendados coa implantación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e o seu desenvolvemento regulamentario, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal complementario a aqueles.

### ANEXO I

#### SOLICITUDE DE BONO-TAXI

##### A. DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE

|                   |                 |           |          |
|-------------------|-----------------|-----------|----------|
| PRIMEIRO APELIDO  | SEGUNDO APELIDO | NOME      | DNI      |
|                   |                 |           | TELÉFONO |
| DATA DE NACEMENTO | LUGAR           | PROVINCIA |          |
| DOMICILIO         | COD. POSTAL     | MUNICIPIO |          |

##### B. DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL

|                  |                 |      |     |
|------------------|-----------------|------|-----|
| PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NOME | DNI |
|------------------|-----------------|------|-----|

|             |          |                           |           |
|-------------|----------|---------------------------|-----------|
| DOMICILIO   |          | MUNICIPIO                 | PROVINCIA |
| COD. POSTAL | TELÉFONO | TÍTULO DE REPRESENTACIÓN: |           |

**C. DATOS SOBRE A UNIDADE DE CONVIVENCIA. COMPOSICIÓN**

| PERSONAS INTEGRANTES DA UNIDADE DE CONVIVENCIA SOLICITANTE | NIF | PARENTESCO COA/CO SOLICITANTE | DATA DE NACEMENTO |
|--|-----|-------------------------------|-------------------|
|  |     |                               |                   |
|  |     |                               |                   |
|  |     |                               |                   |

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, como (solicitante ou representante legal) DECLARA:

Que todos e cada un dos datos consignados na presente solicitude son certos e comprobables documentalmente, quedando enterado/a que o ocultamento ou falsidade deles dará lugar á esixencia das responsabilidades que diso puideran derivarse, así como da obriga de comunicar ao CONCELLO DE CAMBRE, calquera variación dos datos declarados ou acreditados que puideran producirse no sucesivo.

Que de conformidade co establecido na normativa reguladora das subvencións públicas, DECLARA non estar incurso en ningunha causa de prohibición para ser considerado beneficiario de subvencións e atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

Cambre, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2015.

Asdo:

**NOTA INFORMATIVA:** Os datos recollidos na presente solicitude facilitaránse de forma voluntaria; en caso de non facelo non será posible o seu trámite. Estes datos serán incorporados a un ficheiro automatizado coa exclusiva finalidade da resolución do expediente, cuxo tratamento é responsabilidade da dirección do Concello de Cambre, Área de Servizos Sociais, e respecto deles, poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal. Existe a posibilidade de cesión dos datos a outras administracións, entidades ou organismos públicos ou privados, para o cumprimento de fins directamente relacionados coas funcións lexítimas destas entidades e do Concello de Cambre.

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO CONCELLO DE CAMBRE**

**ANEXO II**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA BENEFICIARIA**

D./Dna \_\_\_\_\_ con DNI núm. \_\_\_\_\_

Representante legal

D./Dna \_\_\_\_\_ con DNI núm. \_\_\_\_\_

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Atoparme ao corrente do cumprimento das miñas obrigas coa Axencia Tributaria estatal, Facenda da Xunta de Galicia, e co Concello de Cambre, e coa Seguridade Social.

- Non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para a obtención de subvencións públicas.

(Marquese cun X a opción que corresponda)

- Estar obrigado a presentar declaración anual do IRPF  SI  NON

- Ser titular de vehículo adaptado propio para a conducción      SI                              NON

**(En caso de resposta afirmativa, poderán solicitar esta axuda soamente para aqueles períodos, nos que, por causas sobrevenidas debidamente xustificadas, non poidan utilizalo.)**

- Non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro a través de ISFAS, MUFACE,...

- Aceptar as actuacións de comprobación que acorde o equipo técnico de servizos sociais do Concello de Cambre.

Cambre,                      de                      de 2015.

O/A solicitante ou Representante legal

Asdo.:

### ANEXO III

#### MODELO DE AUTORIZACIÓN

Autorización para a cesión de información relativa ao nivel de renda e ás obrigacións tributarias co Estado e a Comunidade Autónoma e a Seguridade Social para os efectos de solicitude de bono-taxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o 2015, a cubrir por todos os membros da unidade de convivencia maiores de 18 anos.

| NOME E APELIDOS | ENDEREZO | DNI | SINATURA |
|-----------------|----------|-----|----------|
|                 |          |     |          |
|                 |          |     |          |
|                 |          |     |          |
|                 |          |     |          |

autorizamos ao Concello de Cambre para solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre o nivel de renda e sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, para os efectos de **solicitude de bono – taxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o 2015.**

Lugar, data e sinatura"

#### ANEXO IV

#### MODELO BONO – TAXI

BONO - TAXI  
Importe: 0,5 euros/1 euro  
5, 10,15 euros

Bono-Taxi núm.: \_\_\_\_\_/2015

Data de expedición: \_\_\_\_\_

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

Núm. do DNI ou NIE: \_\_\_\_\_

Traxecto realizado: \_\_\_\_\_

Importe total do traxecto: \_\_\_\_\_

Núm. licencia taxi: \_\_\_\_\_

O/A beneficiaria ou representante legal

Sinatura

#### **ESTE BONO TERÁ VALIDEZ COMO MODO DE PAGAMENTO ATA O 20 DE DECEMBRO DE 2015.**

No momento en que o taxista facture ao concello, os servizos prestados, haberá de presentar adxunto á factura os bonos empregados, agrupados por cada traxecto e polo menos no primeiro deles constarán cubertos todos os datos indicados anteriormente.

Segundo: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia*, así como na páxina web, paneis informativos e demais medios de comunicación co obxecto de darlle a maior difusión e publicidade á axuda.

#### **2.3. Designación de representante do Concello de Cambre na Comisión de Escolarización, curso 2015-2016**

Vista a proposta da Alcaldía do día 10 de febreiro de 2015.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social do día 24 de febreiro de 2015.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, explica que a proposta é designar á concelleira de Educación como representante do concello na Comisión de Escolarización.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, expón que o seu grupo, en consecuencia co voto emitido nunha moción que se presentou neste pleno polo BNG no pasado mes de outubro, referente a un

problema de escolarización dun alumno do colexio Portofaro, van ser coherentes e consecuentes co que votaron e, polo tanto, van votar en contra da designación da concelleira na Comisión de Escolarización.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), votan en contra os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e os tres concelleiros de UxC.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Designar representante do Concello de Cambre na Comisión de Escolarización, curso 2015-2016, a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel.

Segundo: Comunicar a citada designación á Xefatura Territorial da Coruña, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para os efectos oportunos.

#### **2.4. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día**

Este punto non foi utilizado.

### **3. PARTE DECLARATIVA**

#### **3.1. Declaracións institucionais**

Este punto non foi utilizado.

#### **3.2. Mocións dos grupos municipais**

Este punto non foi utilizado.

### **4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN**

#### **4.1. Informes do equipo de goberno**

De orde do Sr. presidente, a secretaria da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Do informe da tesoureira municipal, de data 10 de febreiro de 2015, sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao segundo, terceiro e cuarto trimestre do ano 2014.

O informe, referido ao último día do trimestre natural, comprende:

- Os pagos realizados no trimestre natural.
- Xuros de demora pagados no trimestre natural.
- As facturas ou outros documentos xustificativos pendentes de pago ao seu final (facturas en fase de obriga recoñecida e pago ordenado).
- As facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorresen máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obrigación.

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/1404 o día 18 de febreiro de 2015, procedente do Xulgado contencioso-administrativo núm. 1 da Coruña, polo que se dá traslado da sentenza ditada en relación co recurso interposto pola Asociación Galega de Escolas Infantís (AGADEI) contra a resolución pola que se desestimou o recurso de reposición interposto por esta asociación contra o acordo plenario de data 19 de decembro de 2013 no que se acordou a formalización dun convenio de colaboración entre a Fundación Amancio Ortega, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Cambre para a construción dunha escola infantil de 0-3 no Concello de Cambre.

A sentenza desestima a demanda promovida por AGADEI.

- Da Resolución núm. 316/2015, do 24 de febreiro de 2015, da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Aprobar a liquidación do orzamento de 2014 da que se deducen, entre outros, os seguintes datos:

| <b>Orzamento de gastos</b>        | <b>Euros</b>  |
|-----------------------------------|---------------|
| Créditos iniciais                 | 16.060.116,93 |
| Modificacións                     | 2.265.698,85  |
| Créditos definitivos              | 18.325.815,78 |
| Gastos comprometidos              | 14.837.842,60 |
| Obrigas recoñecidas netas         | 14.208.441,11 |
| Pagamentos ordenados              | 12.913.890,00 |
| Pagamentos realizados             | 12.913.890,00 |
| Obrigas pendentes de pago a 31/12 | 1.294.551,11  |
| Remanentes de crédito             | 4.117.374,67  |

| <b>Orzamento de ingresos</b>        | <b>Euros</b>  |
|-------------------------------------|---------------|
| Previsións iniciais                 | 16.060.116,93 |
| Modificacións                       | 2.265.698,85  |
| Previsións definitivas              | 18.325.815,78 |
| Dereitos recoñecidos                | 15.713.389,66 |
| Dereitos anulados                   | 273.292,81    |
| Dereitos cancelados                 | 0,00          |
| Dereitos recoñecidos netos          | 15.440.096,85 |
| Recadación neta                     | 13.491.073,55 |
| Dereitos pendentes de cobro a 31/12 | 1.949.023,30  |
| Exceso de previsión                 | 2.885.718,93  |

Outros datos resumo de especial interese:

- debedores pendentes de cobro a 31/12, 2.365.207,74 euros.
- acredores pendentes de pagamento a 31/12, 623.805,51 euros.
- resultado orzamentario axustado do exercicio, 1.146.561,79 euros.
- remanente de tesourería total, 2.481.630,07 euros.
- exceso de financiamento afectado, 475.562,07 euros.
- remanente de tesourería para gastos xerais, 967.010,79 euros.

- capacidade de financiamento, 1.441.818,42 euros.
- aforro neto, 1.443.958,83 euros.

Segundo: Remitir copia da liquidación do Orzamento do exercicio 2014 á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, remisión que se realizará unicamente a través do Rexistro Telemático Único da Administración da Xunta de Galicia mediante a aplicación dispoñible no portal da Xunta de Galicia [www.eidolocal.com](http://www.eidolocal.com), e ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas mediante a súa rendición telemática a través da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais.

Terceiro: Comunicar a resolución ao pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Informe do interventor municipal, de data 19 de febreiro de 2015, emitido co fin de dar cumprimento á obriga establecida no artigo 218 do Texto refundido da Lei 2/2004, do 5 de marzo, reguladora das facendas locais, tras a entrada en vigor da Lei 27/2013, polo que o órgano interventor debe elevar a pleno un informe de todas as resolucións adoptadas polo presidente da entidade local contrarias aos reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Este informe atende unicamente a aspectos e cometidos propios do exercicio da función fiscalizadora, sen incluír cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións fiscalizadas.

A Sra. secretaria aclara que este informe entregoullo o Sr. interventor á auxiliar de actas, e a auxiliar de actas creu que era simplemente para dar conta en informes do equipo de goberno, como sempre, o que pasa é que hoxe, lendo o informe do Sr. interventor, debería ter ido como un punto independente da orde do día. Explica que ela non o viu ata hoxe, pero que é o mesmo, trátase de dar conta, non hai que votar.

A continuación dá lectura ao artigo 218.1 do Texto refundido da Lei de facendas locais e reitera que se ben se di que consistirá nun punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria, sería dar conta, están dando conta aquí, ela cre que o cometido é o mesmo, e faráselles chegar, aínda que neste caso por un erro non se meteu como punto independente na orde do día.

## **4.2. Rogos**

### **Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 0/1499 o día 21 de febreiro de 2015, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

Antes de dar lectura ao primeiro rogo presentado polo seu grupo, don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que esta solicitude xa se ten presentado no concello o 7 de xullo do 2011 e, ata o día de hoxe, non consta ningunha resposta do equipo de goberno.

1º Os veciños que viven nas casas situadas na AC-214, no seu tramo entre Amil, A Casilla e O Caneiro, veñen demandando dende hai anos a construción dunha senda peonil neste tramo do viario autonómico, pola que poder desprazarse a pé, co fin de evitar riscos de atropelo, risco certo tendo en conta que unha gran parte das persoas que transitan polo dito lugar son de avanzada idade, con mobilidade e reflexos limitados.

Confirma esta situación de perigo os datos que obran en poder dos solicitantes no senso de que, no tramo da estrada en cuestión, só entre os anos 2006 e 2011 rexistráronse un total de 24 accidentes de circulación cun resultado de 13 persoas feridas.



A obra a executar non resulta especialmente custosa nin complicada toda vez que non existen, apenas, muros nin obras particulares que impidan a súa realización.

Sendo unha estrada de titularidade autonómica procedería esixir da Xunta de Galicia a adopción das medidas de seguridade viaria descritas ou, polo menos, que financiara e autorizara a súa execución por parte do Concello de Cambre.

Por todo iso, este grupo solicita se demande á Xunta de Galicia a execución de sendas peonís no tramo da AC-214 entre Amil, A Casilla e O Caneiro ou ben, se solicite autorización para a súa execución por parte do Concello de Cambre, demandando, así mesmo, que o financiamento corra a cargo do ente autonómico, e, en todo caso, se encargue, por parte do Goberno municipal, a redacción do proxecto de execución das obras, se xestionen as cesións de terreos e se soliciten os permisos doutras administracións que sexan precisos.

Durante a lectura do rogo don Augusto Rey Moreno explica que, a maiores do que se recolle no rogo, teñen coñecemento de que o domingo pasado tivo lugar un novo accidente de circulación nese tramo.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, expón que está claro que aí hai unha situación de risco, sobre todo para as persoas que van camiñando, de feito este Goberno, el mesmo, xa encargou unhas memorias valoradas a principios da lexislatura, e hai preto de dous anos que llas trasladaron á Xunta de Galicia, unhas memorias valoradas de todo o percorrido da AC-214, dende Aián ata A Mota. Esas memorias están na súa oficina se as queren ver, e dilles que non é unha mentira, porque parece que todos contan mentiras aquí e non é así.

Reitera que as memorias valoradas están feitas e que se lle presentaron á Xunta de Galicia hai preto de dous anos, de feito o resultado é que van actuar por tramos. A semana que vén contan con que lles fagan chegar o proxecto que van facer na zona da Xira, xa que entenderon que sería máis urxente ese tramo na zona da Xira, entre o cruzamento coa N-550 e o Mesón Vasco.

Conclúe dicindo que niso están, e que a Xunta xa ten as memorias valoradas de todo o trazado da AC-214.

Don Augusto Rey Moreno agradece a resposta e sinala que, en principio, está moi ben que se teñan encargado esas memorias valoradas, é un primeiro paso. De todos os xeitos di que hai que mirar as cousas, sobre todo á hora da execución destas obras por parte da Xunta, se é que as fai, porque levan catro anos e non fixo ningunha nese tramo. Hai que ver o perigo, e sen sacar importancia ao perigo na zona da Xira, evidentemente na zona da que están a falar o perigo tamén é moi importante e hai que tomar medidas.

De verdade cre que agardar dous anos a que a Xunta se pronuncie é excesivo. Sen falar de mentiras, como o Sr. concelleiro dixo, porque sempre que eles dous falan non falan de mentiras, falan de realidades, este é un tema o suficientemente grave como para que se axilicen os trámites o máis posible e se demande da Xunta o cumprimento das obrigas de seguridade viaria que ten nos seus viarios, máis aló das medidas que se poidan ir adoptando.

De todos os xeitos, di que non sabe, pero esas memorias ten entendido que van baixando pola marxe esquerda, dende Amil tirando cara á Casilla, e a verdade é que non se ten en conta que iso pode xerar un perigo para a xente que discorra por aí e teña que atravesar dende a zona máis habitada, que é baixando á man dereita, para acceder ás sendas peonís que se poidan executar no seu momento. Cre que conviría revisar eses proxectos e ver a posibilidade de que en primeiro lugar se execute o tramo dereito, baixando á man dereita, que aínda que hai que facer un pouco de desmonte, cre que daría máis seguridade e mellor servizo aos veciños da zona.

Conclúe pedindo que quede aquí como compromiso esixir iso, senón di que van estar enriba disto para que se execute, porque é o único tramo de estrada que sae do centro de Cambre que agora mesmo se atopa sen ningún tipo de senda peonil nin de seguridade viaria. Nese sentido demanda que este tema se tome coa seriedade necesaria para que chegue a bo fin á maior brevidade posible.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que niso están de acordo, en facer xestións coa Xunta para que o antes posible se dote. Tamén di que o feito de que estea prevista a memoria por unha marxe da estrada ou pola outra, como as medicións son as mesmas, entón executar a obra por unha marxe ou pola outra é un tema que no proxecto se pode plasmar e recoller sen problemas.

Don Augusto Rey Moreno indica que, de todas formas, con independencia de que hai que facer un novo proxecto, porque evidentemente non é o mesmo que vaia pola esquerda que pola dereita, si é certo que se poden ir empezando a tomar medidas para isto, como é facer xestións para dispoñer dos terreos, que saben que é un tema bastante prolixo, bastante difícil. Nese sentido ten a convicción de que os veciños daquela zona van facilitar a cesión de terreos necesarios para que se poida executar a senda, por iso, hai que ir dando pasos xa, e non agardar a que lles chegue a subvención, se chega, ou a que queira executar a obra a Xunta, porque despois chegan as présas para facerse con terreos sobre os que non teñen disposición. É importante ir dando pasos nese sentido.

2º Na zona do Paraugas, preto do bar Leonardo, tense colocado unha banda de aglomerado para dirixir as pluviais. O certo é que esta obra, máis alá dos fins que a impulsaron representa un obstáculo para os veciños que circulan en cadeira de rodas.

Por todo o manifestado este grupo solicita se retire a sinalada banda ou ben se adecúe para que non constitúa unha barreira arquitectónica, que impida a circulación das persoas con discapacidade.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, explica que se puxo unha banda de aglomerado para protexer que non baixara a auga pola entrada que hai ás casas que hai no fondo, pero que non entorpece en absoluto a unión entre unha beirarrúa e a outra. Di que ás beirarrúas non lles afecta para nada, ten continuidade igual que a tiña antes, está exactamente igual. As beirarrúas están exactamente igual que estaban, non se taparon as baixadas que teñen. Ás ramplas que hai, tanto a que vai á man esquerda indo de Cambre, como a que vai cara ao paseo marítimo, non lles afectou para nada, o único que se puxo foi a banda pola parte da afora, pola parte da rodadura.

Continúa dicindo que el agarda que co proxecto que teñen aprobado, o complementario do POS 2014, polo que se aprobou a obra de remodelación de todas esas beirarrúas, iso quede resolto, igual que quedou agora o acceso fronte á Casa das Palmeiras, onde estaba o semáforo, que tamén era perigoso, cre que bastante máis que iso.

En principio teñen problemas coa auga que vai para abaixo, para esas casas que están na fochanca, pero para pasar cunha cadeira non teñen, está igual que estaba, antes alí o único que pasaba era que aparcaban os coches ou non aparcaban. Ao mellor poderíase desviar máis por arriba, pero non ten un problema grave como para facer iso. Como dixó, cando se faga esa obra, el pensa que se lle debe dar continuidade á beirarrúa e cre que así se resolverá ese problema.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que el está de acordo, ten as fotos e foi velo cos veciños que o chamaron por isto. Efectivamente a banda de aglomerado vai por fóra da beirarrúa, pero o Sr. Marante, que coñece perfectamente o sitio, sabe que nesa beirarrúa de momento está a parada do autobús. É un tramo non demasiado ancho, e menos mal que aínda ten preto de metro e medio, pero a que desemboca do outro lado é unha beirarrúa máis estreita, e a banda do aglomerado vai recortando e vai entrando

para aí. Entón, unha persoa que leva, ao mellor, xa non soamente unha cadeira de rodas, senón unha nai que vai cun neno pequeno da man, ou cun carro da outra, non dá dirixido como ten que dirixir, se está chovendo ou así. El entende que o fin dese aglomerado é evitar que esa auga entre no camiño, camiño que entenden que tamén é de uso privado, porque está pechado por unha cadea, non é de titularidade municipal. A el parécelle correcto unir esa beirarrúa, e haberá que facer dalgunha maneira unha reixa que recolla esas augas para que non lle vaia tampouco a auga a un veciño, ou o que sexa.

Conclúe dicindo que non é polo perigo, pero saben que agora mesmo o paso peonil entre o Concello de Cambre e o Concello de Culleredo ten que discorrer por esa senda, porque ten que desembocar na ponte romana, e esa é a zona por onde pasa a xente, e entón o antes que se poida, a eles gustaríalles que iso se acometera e se terminara.

3º No camiño que dende o Muíño de Peiraio vai en dirección a Cela, pola beira do río Mero, na zona do Canal, existe un grupo de casas, pegadas á vía do ferrocarril que, a pesar das reiteradas peticións efectuadas, a día de hoxe aínda non contan co servizo de recollida de lixo, a pesar de aboar a taxa correspondente.

Por todo isto este grupo solicita se fagan as xestións oportunas, diante do Consorcio das Mariñas, co fin de dotar a este núcleo de vivendas do citado servizo.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, explica que el xa hai tempo que foi con responsables do Consorcio a ver ese tema. O problema é que o camiión da recollida ten dificultades para pasar por alí, por medio desas casas, porque está moi estreito, coa edificación de casas a ambas marxes non ten posibilidade de pasar por alí, entón, o sitio máis preto onde ter os contedores é onde estiveron sempre, na saída do camiño que lles queda un pouco a desmán, pero é a única opción que de momento poden ter, a expensas de que se poida ampliar o camiño no seu momento, pero de momento non é posible darlles ese servizo.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que ampliar o camiño vai ser difícil, di que será máis fácil habilitar un camiión de menores dimensións. Noutros servizos hai vehículos de recollida de lixo de dimensións reducidas, precisamente para abordar o servizo en núcleos así, está pensando en Betanzos, por exemplo.

Por outra banda, di que evidentemente os veciños teñen que levar o lixo aos puntos de destino, aos contedores, e o Sr. concelleiro sabe que o levan en carretas, acumulando o lixo durante días, nos alpendres ou onde poden. Entón, non lle parece que a resposta axeitada por parte de quen ten encomendado o servizo sexa que o camiión non dá a volta alí, pois haberá que habilitar igual algunha infraestrutura. Di que os veciños están a custear un servizo polo que non gozan, e coméntanlle que aproximadamente percorren 800 metros para deixar o lixo.

Don Manuel Marante Gómez di que a el 800 metros parécelle bastante lonxe, el sabe do sitio e 800 metros parécelle bastante esaxerado.

O Sr. alcalde intervén para sinalar que a el polo que lle toca, e polo que sabe, este é un problema que está arrastrando o Consorcio As Mariñas xa hai tempo. Dende o Consorcio As Mariñas comentáronlle que estaban en disposición de adquirir un camiión máis pequeno, para que fixera o percorrido de puntos complicados como ese. Di que iso aínda non o fixeron, pero que supón que o farán en próximas datas.

De todas maneiras, como a el lle toca, porque unha das casas que está no Canal é dunha curmá súa, e sabe cal é o problema, di que aí haberá uns 200 metros como moito, non 800, pero ben, el quería dicirlle o que el sabe polo Consorcio As Mariñas, que isto xa foi trasladado hai tempo ao Consorcio.

## **Rogos de UxC presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 0/1500 o día 21 de febreiro de 2015.

1º As traballadoras do servizo de axuda no fogar do concello, diríxense a nós para manifestarnos as súas queixas respecto das relacións laborais coa empresa concesionaria do servizo. Sabendo que as ditas queixas xa foron postas en coñecemento do alcalde e da concelleira de Servizos Sociais, pregamos nos informen que medidas de actuación teñen pensado por en marcha, tendo en conta que a empresa remata en marzo.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira delegada da Área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, di que simplemente unha aclaración, a empresa remata en marzo do 2016, non do 2015, entón é un problema que realmente lles preocupa. Saben que hai malestar entre as traballadoras en relación coa empresa, e ela xa mantivo reunións por este tema. Ao mes e medio, máis ou menos, de estar a nova empresa prestando servizo, convocou unha reunión coa empresa e cos traballadores, para tratar de chegar a acordos e que todo o mundo estivera satisfeito. A cousa non se solucionou moito, nalgunhas cousas mellorouse, noutras non. Despois tamén mantivo unha reunión cos enlaces sindicais da empresa, tamén cun representante sindical, que lle volveron transmitir as queixas. Ela o que trata de facer é estar mediando entre a empresa e os traballadores, porque nas relacións laborais coa empresa o concello non ten competencias, entón o que está tratando é de mediar.

Reitera que tivo varias reunións xa coa empresa e que están tratando de solucionalo, para que podan chegar a un entendemento os traballadores coa empresa. Así mesmo, para cando chegue o remate en marzo do 2016, queren xa ter preparados todos os pregos, para que a empresa non continúe nin un só día máis do que lle corresponde polo contrato que se fixo con eles.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, manifesta que segundo eles tiñan entendido esta empresa tiña un contrato de un ano máis outro prorrogable, ou pregunta se non está no certo.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel responde que eran dous máis un.

Dona Elisa Pestonit Barreiros sinala que eles tiñan entendido que remataban en marzo do 2015, non en marzo do 2016. Por outra banda, gustaríalle que constasen en acta dúas cousas. A Sra. concelleira dille que xa falou coas traballadoras, e a eles maniféstalles que dende o mes de outubro teñen pedida unha cita con ela e que non foron atendidas. Pide se ten a ben explicarlles por que non.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel contesta que lle pode garantir que a ela, polo menos, ninguén lle transmitiu que quería un cita con ela. Máis ou menos no mes de agosto tivo unha reunión cos enlaces sindicais e cun representante dun sindicato, despois a ela ninguén lle transmitiu que quería unha reunión con ela, nunca.

O Sr. alcalde pide silencio reiteradamente ao público asistente, e dilles que se teñen algo que chamarlle á concelleira, que presenten un escrito de reclamación por rexistro. El non ten constancia da cita da que falan.

Dona Elisa Pestonit Barreiros explica que eles a información que teñen é que aquí se presentaron dous escritos en agosto do ano pasado, un dirixido á concelleira e outro dirixido ao Sr. alcalde, por parte das traballadoras e dos enlaces sindicais, falando desa empresa. Entende que esa reunión é a que a Sra. concelleira dixo que mantivo en agosto. Pero a eles dinlles que en outubro volveron pedir cita para falar con ela, para tratar estes temas, e que non recibiron respostas.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel manifesta que non ten constancia diso.

Dona Elisa Pestonit Barreiros di que, por outra banda, e só para que conste en acta, UxC presentou o día 4 deste mes, se non se equivoca, un escrito por rexistro preguntando se había algún tipo de queixa dos usuarios polo servizo prestado. Pregunta se teñen a ben contestarlles o antes posible, porque xa vai facer un mes e gustaríalles ter toda a información.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel responde que ese escrito xa llelo contestará, que o ten enriba da mesa, pero con respecto a isto tamén quere que conste en acta que ela non recibiu ningunha solicitude por parte de ningunha traballadora para volver a ter unha reunión con ela. Pide que conste en acta tamén.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que hai que lembrarlle á Sra. concelleira e ao Sr. alcalde que a maioría das traballadoras desa empresa son de Cambre, e a empresa é de Florentino Pérez, aquel que lle paga a Cristiano Ronaldo, a ver de que parte se poñen eles. Á hora de pensar un pouco, a ver en quen van pensar, se nos traballadores ou na empresa, e di que, por certo, en Servizos Sociais a el persoalmente lle dixeron que estaban moi descontentos coa empresa, moitísimo.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel dille que xa o saben, pero que a empresa foi contratada na mesa de contratación na que están todos os grupos municipais representados e tiveron a mala sorte de que lles tocara esta empresa, e está todo o mundo descontento con ela, pero non hai suficiente valoración de descontento para poder poñerlle unha sanción ou poder botala, simplemente iso. As normas hai que cumprilas e pode ser de Florentino ou de quen sexa, a ela dálle igual, presentouse nunha mesa de contratación e legalmente saíu elixida.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que teñen boa mala sorte en Cambre, esta empresa, a do Plan xeral, etc.

O Sr. alcalde roga silencio aos presentes.

2º Un dos puntos conflitivos na seguridade viaria no noso municipio é o tramo de estrada que vai dende Brexo-Lema a San Lourenzo. Pregamos se estude entubar a cuneta, ou calquera outra medida, para dar máis seguridade aos peóns, mentres non sexa posible facer unha senda peonil.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, manifesta que están totalmente de acordo co tema do perigo, o que pasa é que agora, a menos de tres meses das eleccións, pouco se pode facer aí, e menos sen orzamento. Agora mesmo, a estas alturas de lexislatura, el non se pode comprometer a ese tipo de obra. Haberá que velo na próxima lexislatura, quen estea aquí terá que tratar de resolver o problema.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, recoñece que si, pero non lle están pedindo que se faga agora, xa saben que quedan tres meses, o que piden é que polo menos que se faga un proxecto, se fale cos veciños, aquilo que se poida ir adiantando. O que se trata é de que non se paralice o concello nos vindeiros tres meses, que os que veñan despois teñan un traballo adiantado. É o que propoñen, nada máis.

A continuación, dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, dá lectura ao terceiro rogo presentado polo seu grupo, indicando que retira a última parte do rogo, que fala de obras xa finalizadas dende xa hai moito tempo, porque non está ben formulado e dálle lectura tal e como se transcribe a continuación.

3º No Paraugas, na zona axardinada, onde se atopa o Paraugas pequeno, existen dous carteis de obras.

Solicitamos a retirada inmediata dos devanditos carteis.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, explica que entende que, segundo dixo o concelleiro o outro día nas comisións informativas, van pasar a arranxar a zona axardinada que queda, despois das obras da ponte do Burgo.

O Sr. alcalde dille que estivo esta mañá alí, e estivo onte, e hai dous carteis, soamente dous carteis. Están limpando a zona axardinada, xa está sementado o céspede e hai dous carteis de anuncio de obra, que son os dous carteis da empresa adxudicataria e máis da Xunta de Galicia. Mentres non se reciba a obra, os carteis teñen que estar alí, no momento en que se reciba a obra os carteis sacaranse. Pero reitera que hai dous carteis que non son nin antigos, nin dunha obra xa finalizada.

Dona Elisa Pestonit Barreiros sinala que por iso dixo que o rogo estaba mal formulado, e por iso non leu a última parte, acaba de aclaralo.

O Sr. alcalde dille que en calquera obra póñense os carteis, igual que se pon cando se fai unha casa a licenza da obra. Tan pronto se dá de alta a obra, retírase o cartel, pero esa obra aínda non a deron de alta e aínda non veu a conselleira a facelo.

Don Óscar Alfonso García Patiño indica que o cartel non pon nin principio nin fin da obra. Cre que é unha publicidade para a empresa que está alí.

Dona Elisa Pestonit Barreiros pregunta se hai data.

O Sr. alcalde sinala que lle presentará unha queixa á Xunta por non poñer a data de principio nin fin da obra.

### **Rogos de EU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 0/1535 o día 23 de febreiro de 2015, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Na confluencia do camiño de Acaroadá e a estrada CP-1706 existe un desnivel no remate da beirarrúa, que presenta perigo, sobre todo para as persoas que circulan en cadeira de rodas. Estas deficiencias poden carecer de interese para o Goberno, pero son importantes para persoas con mobilidade reducida, que transitan a diario por este lugar dificultando a súa circulación.

Pregamos se instalen elementos de protección e unha rampla para facilitar a accesibilidade.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, manifesta que están de acordo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que están de acordo, pero pregúntalle cando pensan revisar esas deficiencias que hai. De acordo cre que están todos, el o que lle pregunta é cando. Estar de acordo parécelle que unha afirmación un pouco subxectiva, el pregúntalle cando se ten pensado actuar.

Don Manuel Marante Gómez dille que tan pronto como sexa posible. Non lle pode dicir que mañá o vaian poñer, ou para a semana, teñen que ver o que se pode facer alí, porque non foi cos técnicos para velo. Ten que ir cos técnicos para velo, ver o que se pode facer e de que maneira, e despois acometerase esa obra, pero mentres non o vexa con eles non lle pode dicir que para a semana se vai facer.

Continúa dicindo que, como comprenderá, el vai intentar facelo o antes posible, porque está totalmente de acordo na necesidade de facer as modificacións que haxa que facer aí. El incluso pasou a velo, pero foi pola estrada de abaixo, pola estrada que está fronte á de Graduil, e para el alí estaba ben, pero confundíuse, foi culpa súa. Ao chegar arriba efectivamente viu que estaban separadas e que por elas non colle nin unha cadeira. Xa di que se confundiu ao ir velo, pero iso si, comprométese a nestes días mirar o tema e ver a posible solución.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que igual se confundiu porque non revisou ben a documentación, porque a documentación ía perfectamente documentada cunha foto do lugar. Cre que aí non había lugar a dúbida de ningún tipo.

Don Manuel Marante Gómez sinala que na foto non se distinguía nada.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que ese non é o seu problema, que sería problema da máquina que a fotocopiou, el presentou unha foto que se vía perfectamente. Outra cuestión, insiste, é que parece que se deu conta agora dunha deficiencia que leva moitísimos anos e di que a xente se leva queixando dende hai moitísimo tempo, porque non pode ser que persoas con mobilidade reducida non poidan saír da súa casa para facer a súa vida cotiá. Por iso lle pide, e lle roga, que sexa áxil nesa execución.

Don Manuel Marante Gómez explica que todas as persoas que se lle viñeron queixar a el por algún problema, algunha incidencia no Concello de Cambre, foran de onde foran e do tipo que foran as persoas, sempre procurou ir ver os problemas in situ, cos veciños, e sempre intentou buscarlles solución, pero el non ten constancia de que lle viñera alguén con ese problema concreto.

Conclúe dicindo que, efectivamente, el pasa por aí moitas veces, pero pasa no coche e non se fixou. Reitera que non tiña esas queixas e se hai moitísimos anos que está pasando, a ver que fixeron outros antes tamén. Fará moitísimos anos, pero el vai intentar resolver os problemas nestes próximos días, outra cousa non lle pode dicir.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille ao Sr. Marante que tamén estaba noutras Corporacións e noutros gobernos, non sabe que fixeron outros antes, pero el estaba aquí, gobernando neste concello.

2º Na zona habilitada para aparcamento no campo de feira, existe un beirado con pronunciado desnivel que en ocasións provoca danos aos vehículos, coas conseguíntes protestas dos usuarios, motivado polo chanzo de aproximadamente 15 centímetros.

Pregamos se adopten as medidas preventivas para corrixir os problemas mencionados.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, contesta que efectivamente iso está aparentemente bastante alto, pero cumpre a normativa, a normativa di entre 14 e 16 cm., e cumpre, o que pasa é que efectivamente está bastante alto. O que din os técnicos é que como é un sitio espazoso para aparcar, os propios condutores teñen que ter coidado. El é consciente de que está moi alto o beirado, e ao mellor pódese decrecer un pouco, non moito, pero un pouco pola parte de fóra do beirado, pódese facer sen problemas, o que pasa é que moito non se pode decrecer, para evitar que logo os coches suban para arriba, porque iso é o que pasaba antes e por iso quedou así. Pero se eles estiman que é conveniente decrecelo un pouco, xa di que tampouco é ningún problema.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el cre que este é un problema que é evidente, todos o ven. Eles ven todos os días como as persoas que aparcan aí, a maioría delas esnafran a súa parte dianteira do coche contra o beirado. Evidentemente este é un problema técnico e, baixo o seu punto de vista, deberían ser os técnicos os que o estudaran e miraran as medidas preventivas para actuar nese lugar. Ao mellor algunha sinalización ou algún tipo de precaución habería que poñer, ao mellor sen rebaixar nada, pero cre que para iso están os técnicos e para iso se dedican a esas funcións.

3º Veciños e veciñas da Barcala, denunciaron ante o noso grupo o abandono e deterioración da beirarrúa da estrada CP-1706, nas inmediacións da urbanización, como consecuencia da elevación do terreo polas raíces das árbores, provocando perigo e impedindo a circulación para as persoas que transitan diariamente polo lugar.

Esquerda Unida, prega se leven a cabo as accións necesarias para corrixir os danos existentes e facilitar a mobilidade.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, contesta que ese é un tema que o ven todos, sobre todo os que van andando, pero á parte diso os que van nos seus vehículos e pasan por esa zona ven que iso está totalmente levantado, porque ese tipo de arboredo que se plantou aí, ese tipo de árbores metidos na beirarrúa, para el foi un erro de quen fixo a plantación, total e absoluto, porque esas árbores levantan as beirarrúas alí onde se poñan, e se poñen aglomerado tamén o levantan. Son árbores que esnaquizan as infraestruturas que os rodean, en xeral.

Baixo o seu punto de vista, deberíanse talar esas árbores e plantar outras que non teñan ese tipo de crecemento, porque iso pasa en todos os lados. Onde hai esas árbores levantan as beirarrúas, levantan prazas, levantan todo o que se lles poña ao lado, porque levantar a beirarrúa aí para subila sería tamén un perigo. Iso baixo o seu punto de vista, pero poden falalo entre todos, se queren, na vindeira xunta de voceiros ou algo, para ver que solución lle dan entre todos. A el amólalle moito talar árbores, pero aí é un perigo, iso si, plantaríanse outras especies que non sexan dese crecemento, como hai ao longo da beirarrúa dende Cambre cara á Barcala, unhas árbores máis pequenas, se queren, que non deterioran a beirarrúa. Deberían tomar unha decisión entre todos.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, sinala que efectivamente é un problema que están vivindo todos, e todos teñen a obriga, uns de denunciálo e outros de intentar arranxar o problema.

Coincide co Sr. Marante en que ao mellor haberá que plantar árbores de menos porte, menos agresivos, e sobre todo plantar árbores autóctonas de Galicia, como poden ser carballos, cerdeiras ou algo que non rebente as beirarrúas. O que pasa é que ese é un problema que hai que solucionar, pero solucionar de inmediato, porque se pasan por aí todos os días, como pasa el e como pasa moitísima xente, el pasa no coche, pero outra xente desprázase andando e a pé, poden ver que hai persoas con mobilidade reducida que non poden pasar por alí e que se teñen que meter á estrada.

Cre que o Sr. concelleiro sabe perfectamente, igual que el, que o concello é responsable subsidiario de calquera accidente ou incidente que poida ocorrer nese lugar. El tamén está en contra da tala das árbores, pero tamén hai que mirar unha escala de preferencias. As persoas e a seguridade é máis importante que cortar esas árbores e plantar outras con menos porte.

A continuación, e antes de pasar ás preguntas, o Sr. alcalde pregunta aos concelleiros do BNG polo rogo presentado polo seu grupo, porque xa o contestou nas comisións.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que en atención ás explicacións recibidas do Sr. alcalde nas comisións informativas previas a este pleno, que tiveron lugar o pasado martes, o rogo que traían a este pleno, relativo á obra prevista no cruceiro de Lema, van retiralo, xa di que en atención ás explicacións que recibiron da súa parte. Si queren trasladar, unicamente, que dende o BNG non contemplan outra solución que non sexa a que inclúa o total e absoluto servizo ao camiño de Bandedó que dá servizo a San Lourenzo e Meixigo, e en función diso seguirán traballando nese tema, e xa di que lles agradece publicamente as explicacións dadas o pasado martes nas comisións informativas.

### **4.3. Preguntas**

#### **Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 0/1499 o día 21 de febreiro de 2015, xunto cos rogos presentados para este pleno.



1ª Cando se teñen previsto levar a cabo as obras de asfaltado do camiño que dende Cereixeiro, Lema, vai en dirección a Peiraió?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, contesta que está incluído no POS 2014, no complementario. Cando a Deputación lles permita contratar coas baixas do principal levarase a cabo, pero de momento están agardando a iso, a que a Deputación lles permita a contratación en función das baixas do POS principal.

2ª Cando se ten previsto executar os traballos de arranxo do firme do camiño entre Nebrixe e Galiñeiros?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, contesta que ese camiño meteuse nunha subvención do mes de xuño, que deu o ano pasado o Goberno central para concellos limítrofes con costa, polos temporais que sufriron en xaneiro e febreiro. Esta incluído nesa axuda, tanto ese como outro na parroquia de Anceis, en Mercurín, chegando á ponte de debaixo da autoestrada, indo por Anceis, no primeiro punto antes de entrar en Mercurín, onde tamén se foi un regato, están incluídos ambos nese proxecto. Son 200.000 euros e subvencionan o 50%, pero de momento non chegou aínda a subvención. Subvencionan 100.000 euros, pero de momento non chegou.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, pregunta se teñen algunha data aproximada de realización desa obra, ou se por parte do concello se fixo a reclamación deses cartos.

Don Manuel Marante Gómez contesta que agardan que lles dean a aceptación en breve, porque están agardando dende o verán. Preguntaron preto de fin de ano por este tema e dixéronlles que estaban no Ministerio de Facenda cunha historia, cunha reprogramación ou algo así, para dar esas subvencións. Non se lembra do nome que lle deron, pero foi algo así, e si que reclamaron, chamaron e preguntaron a ver que pasaba, e dixéronlles que de momento tiñan que agardar. É o que hai e o que lles pode dicir agora mesmo.

3ª Os lugares de Pedre e Monte en Bribes, cun total dunhas trinta vivendas, non dispoñen de rede de saneamento.

Para cando se ten previsto dotar deste servizo á citada zona?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, contesta que dende o seu departamento teñen encargadas unhas memorias valoradas de varios núcleos rurais de Cambre, de varias parroquias, de Bribes, de Sigrás, de Anceis, varios núcleos que hai por aí separados dos colectores xerais existentes. Está a espera de que lle dean esas memorias valoradas para despois ver a posibilidade de dotar de servizo a esas zonas.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, pregunta se dalgunha maneira se poden reclamar, darlles unha prioridade, falar con eles para ter unha resposta, porque hai veciños que están agardando.

Don Manuel Marante Gómez pregúntalle que como unha resposta.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro dille que claro, porque están agardando unha resposta e cando terán rede de saneamento, pregúntalle se poden volver reclamar información.

Don Manuel Marante Gómez contesta que el agarda que antes de que remate a lexislatura vai ter esas memorias que ten encargadas. Despois, loxicamente, a seguinte Corporación será a que decidirá cando fai unhas obras ou

outras, a prioridade que lles vai dar. Nesta lexislatura non é posible facer esas obras, pero o que si é posible é que teñan unhas memorias valoradas, avanzando para que a vindeira Corporación poida decidir cales fai antes.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro solicita que cando lle dean as memorias lles pase unha copia, para ter coñecemento.

Don Manuel Marante Gómez dille que sen problema ningún.

### **Preguntas de UxC presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 3/386 o día 21 de febreiro de 2015.

Antes de dar lectura á primeira pregunta presentada polo seu grupo, don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, puntualiza que o 24 de xullo de 2012, nas comisións, preguntáronlle precisamente ao concelleiro Marante polas beirarrúas da Barcala, o mesmo que acaban de facer os compañeiros de EU. Está falando do 24 de xullo de 2012, e contestoulles que ía arranxalas e que seguramente habería que podar as árbores. É unha puntualización, nada máis, para que conste en acta.

1ª En que situación se atopa o proxecto do carril bici que a Deputación quería facer por unha das sendas do río Mero?

O Sr. alcalde contesta que neste momento pode dicirlle que a Deputación ten todas as autorizacións que faltaban de Augas de Galicia e posiblemente nas vindeiras datas saque xa a licitación a realización do carril bici.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, pregunta se van poder discutir o tema do carril bici entre os políticos de Cambre ou se simplemente a Deputación vai facer o proxecto, licitalo e executalo.

O Sr. alcalde sinala que lle está dicindo que a Deputación está confeccionando o proxecto, porque estaba agardando que os terreos estiveran á súa disposición, porque non sabía con cales podería contar. Cando teñan o proxecto, que cre que van xuntos Culleredo e Cambre, el traerá unha copia e ensinarállela, como sempre fai.

2ª Unha vez que no pasado pleno a secretaria municipal asegurase que a empresa encargada de facer o Inventario de bens inmobles do concello rematou o seu traballo, preguntamos, a que esperan para traer a pleno o Inventario de bens?

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, contesta que igual que lles dixo no pleno pasado, en canto teña o informe de Secretaría, ese mesmo día os convoca para unha reunión, ese mesmo día ou ao día seguinte, pero en canto teña o informe de Secretaría, ao día seguinte os convoca a unha reunión para tratar o tema.

3ª Cales son os contratos que actualmente están en precario? E en que situación se atopan nestes momentos?

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, contesta que antes de que comezara o pleno deixoulle enriba da mesa unha providencia feita polo Sr. alcalde o 9 de xaneiro do 2015, onde poden ver que o alcalde lle reclama a todos os departamentos afectados que elaboren os pregos para sacar a contratación eses contratos á maior brevidade posible, de feito poñíalles de prazo ata o 15 de febreiro deste ano. O certo é que a 15 de febreiro deste ano entregáronse algúns, teñen tamén un informe da xefa de Contratación, e outros aínda non se entregaron por outros motivos, así que durante estes días decidirán que van facer respecto deste asunto, porque xa non saben de que forma hai que pedir as cousas para que se fagan.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, pregunta se esa copia lla entregaron a todos os voceiros.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que non, que llela entregará.

Don Óscar Alfonso García Patiño sinala que cando se pide a documentación entende que é para todos os voceiros, non só para quen a pide. Púxolla a el porque a pregunta a fai el en público, pero é para que todos, polo menos os voceiros e os veciños, saiban de que están a falar, e non para que lla deixe a el enriba da mesa, que llo agradece, pero pídelles que llo diga a todos.

Segue dicindo que, entón, os contratos que están en precario quere entender que son o servizo de mantemento de parques e xardíns, o servizo de limpeza de edificios e instalacións municipais, o servizo de mantemento de iluminación pública, a subministración de gasóleo para a calefacción de edificios e instalacións municipais, o aluguer dun colector de obra para a brigada de obras e bombeo do Temple, o aluguer dunha miniescavadora para a brigada de obras, o servizo de desratización, desinfección e desinsectación do termo municipal, o aluguer e mantemento de inodoros químicos, o servizo de impartición de actividades sociais, os servizos deportivos municipais de ximnasia de mantemento e outros, o servizo de mantemento de aplicacións informáticas, e o mantemento da páxina web, facebook, twitter “Ti fas Cambre”. Entende que estes son todos os que están en precario.

Don Felipe Andreu Barallobre sinala que algúns deles, como lle dixo, xa están en Secretaría, de feito algún en proceso de contratación.

Don Óscar Alfonso García Patiño dille que bo traballo, que están falando de que se pediu o 9 de xaneiro por providencia, bo traballo.

### **Preguntas de EU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 0/1535 o día 23 de febreiro de 2015, xunto cos rogos presentados para este pleno.

Antes de dar lectura ás preguntas presentadas, don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, sinala que el tamén quere facer unha simple puntualización, xa houbo antes outra. El tamén quere lembrar que respecto deste tema que acaban de falar dos contratos en precario, o grupo municipal de EU presentou tres veces iniciativas neste pleno por ese tema, é máis, hai máis dun ano presentaron un escrito no rexistro solicitando todos os contratos das empresas que estaban en precario e preguntando o que se lles pagaba. Contestoulles o concelleiro de Réxime Interior dicindo que ese escrito fora pasado aos funcionarios do concello para que se lles remitira o informe, e seguen agardando. Simplemente é unha puntualización, porque este tema, como dixo antes, tróuxoo tres veces ao pleno o grupo municipal de EU.

1ª No pasado mes de novembro, a totalidade desta Corporación aprobou por unanimidade unha moción presentada a iniciativa dos grupos municipais dos socialistas de Cambre, de UxC, de EU e do BNG pola que co voto favorable do grupo de goberno se tomaron dous acordos, que imos lembrar:

O primeiro deses acordos contemplaba a emisión dos informes técnicos e económicos necesarios para avaliar o impacto da nova valoración catastral, así como aqueles outros informes necesarios para levar a cabo a modificación da totalidade de ordenanzas fiscais que se verán afectadas como consecuencia do incremento dos valores catastrais e calquera outro tipo de bolsa, axuda ou subvención que conte dentro dos seus criterios de concesión co valor catastral do solicitante ou da súa unidade familiar.

O segundo acordo contemplaba a creación dunha comisión especial formada por representantes de todos os grupos políticos presentes na Corporación, susceptible de ampliarse a representantes do tecido asociativo do

concello e que contará co asesoramento técnico necesario coas funcións de revisar e modificar a actual ordenanza fiscal do IBI así como a de plusvalías, no relativo ao tipo de gravame, bonificacións, exencións, recargos e demais aspectos susceptibles de ser modificados. Esta comisión debería de ser convocada no mes de decembro de 2014.

Vista a ausencia de cumprimento de calquera dos dous acordos, o grupo municipal de EU, pregunta:

Que informes actualmente constan en poder do equipo de goberno, ou no seu defecto en que estado de tramitación se atopan? Cales son as causas de non ter convocado a comisión especial e que previsión de convocatoria teñen?

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, explica que efectivamente non se convocou a comisión. Di que as causas son totalmente involuntarias, dado que a comisión e os informes non poden facerse sen o padrón catastral. O padrón catastral non se enviara á Deputación Provincial ata hai escasamente uns días, polo que os técnicos do concello tivéronse que adiantar e pedirlo directamente a Facenda. Ese documento foi presentado ao concello en linguaxe informática, tiveron que pasalo a excel e a técnica de servizos económicos está agora mesmo comprobando eses listaxes, facendo simulacións, e empezando a preparar o informe.

Di que en canto teñan o informe concluído, convocaranos para a dita comisión, que cren que non se demorará demasiado no tempo.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que non sabe se a concelleira se equivocou agora ao dicir que era necesario para convocar unha comisión ter o padrón. Cre que foi o que dixo, pero a comisión poderíase ter convocado, de feito o PP votou a prol do terceiro punto, e váillelo lembrar, xa por unha cuestión de respecto aos que están aquí sentados. Di que aprobaron que a Comisión de Facenda se reuniría con carácter extraordinario no transcurso do mes de decembro do 2014. Naquel pleno que todos lembran, que é relativamente recente, quedou plasmada a vontade de revisar todas as ordenanzas fiscais e, con independencia de ter ese padrón ou non, hai moitísimo traballo que se podería ter feito, é unha comisión que necesariamente se debería ter reunido no mes de decembro para iniciar o traballo.

Insiste en que estaban obrigados a facelo, política e moralmente, porque votaron a prol de facelo. De feito, a proposición que fixeron os grupos da oposición, como o voceiro do equipo de goberno lembrará, porque foi el quen a tramitou, o PP fixo achegas, e os grupos da oposición fixeron unha revisión e acadaron un consenso nese sentido, e todos estaban de acordo niso.

Así mesmo, e xa simplemente por respecto, xa non por outra cuestión, cando hai un compromiso certo e firme de que se vai convocar unha comisión e non se pode, polo motivo que sexa, que iso que dixo a concelleira non é motivo, pero se consideran que existe a necesidade de modificar o acordo e convocar a comisión noutro momento, o mínimo é darlle unha explicación ás partes implicadas e aos que están aquí sentados, e non ter que vir aquí a pedir explicacións sobre un acordo que o Goberno votou a prol.

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe expón que no segundo acordo que se recollía na moción dicíase que se ía crear unha comisión especial formada por representantes de todos os grupos que contaría co asesoramento técnico necesario, é dicir, pregunta como pretenden que se poida contar con calquera tipo de asesoramento técnico se non puideron valorar o impacto económico que vai ter o IBI en 2015 e en 2016. Polo tanto, di que non ten sentido convocar ningún tipo de comisión política, nin de asociacións de veciños, se ese asesoramento técnico non vai existir. Pregúntalle, entón, de que quere falar nesa comisión.

Conclúe dicindo que ela parte do presuposto de que para convocar calquera tipo de comisión para este fin, o mínimo que terán que ter é unha base do que se vai tratar nela.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López pídelle ao Sr. alcalde unha quenda de palabra.

O Sr. alcalde pregúntalle se é para ler a segunda pregunta ou para que.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López dille que para contestarlle á Sra. concelleira. Di que outros grupos o fixeron, que ten apuntadas as intervencións, porque sabía que ía pasar isto.

O Sr. alcalde dille que leva dúas intervencións, na mesma pregunta.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López dille que na terceira do grupo socialista a compañeira interveu varias veces.

O Sr. alcalde dille que ela leva dúas na mesma pregunta, e que é a discusión de sempre.

A concelleira de EU pregunta porque ela non, e a outra concelleira si, e dillo con todos os respectos.

O Sr. alcalde respóndelle que con todos os respectos, que a outra concelleira fixo dúas preguntas e interveu dúas veces, e ela tamén interveu dúas veces. Di que isto é pregunta, resposta, el deulles a posibilidade de actuar dúas veces, pídelle que lea a segunda pregunta.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López pide unha cuestión de orde. Gustaríalle que lle dixera en base a que artigo do Regulamento orgánico municipal non lle permite intervir, en base a que, e senón que lle informe a Sra. secretaria, porque isto é unha auténtica burla, porque como o alcalde non quere que sigan co tema, córtalle. Di que está contando e está apuntando, e que mire a que punto están chegando, que anota os tempos de intervención de cada concelleiro. Dille que coidado con iso, que os ten anotados, non neste pleno, pero vén tempo facéndoo, porque el sempre fai o mesmo. O que pasa é que deu con óso, iso é o malo, entón, ou lle informa el, ou lle informa a secretaria ou se implanta un criterio. O alcalde non é o rei do mambo e aquí non pode dicir que un intervén tres veces, outro dúas e que o dun gústalle e o doutro non.

O Sr. alcalde pídelle por favor que o respecte, igual que el a respecta a ela. Di que el non é ningún rei do mambo, é o alcalde de todos os veciños de Cambre.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López dille que ela é concelleira.

O Sr. alcalde dille que de acordo, e que el respéctaa e non a insultou para nada.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López dille que si a está insultando.

O Sr. alcalde di que a Sra. secretaria pode responder o que é unha pregunta, o que é un rogo e o que é unha moción, pídelle que por favor lle informe á concelleira.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López sinala que sabe o que é unha pregunta, pero que non está preguntando iso, que está dicindo en base a que a un concelleiro se lle permiten tres intervencións en relación cunha pregunta e a ela non.

O Sr. alcalde rógalle, por favor, que se ten interese lea a segunda pregunta e se non ten interese, que non a lea, el simplemente llo di.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López contesta que ela ten claro o asunto, que está pedindo a palabra novamente e, se non lla dá, que lle xustifique o motivo, porque a última vez expulsouna e agora gustaríalle que lle explicara o motivo, por que concretamente a ela, neste caso e noutros moitos casos, pero no que hoxe lles ocupa, lle está dando un trato diferente a calquera outro concelleiro desta Corporación, porque xa está moi farta, co regulamento na man, e iso é así.

O Sr. alcalde solicita á Sra. secretaria que lles ilumine sobre o tema da pregunta, se a pregunta ten debate ou non ten debate.

A Sra. secretaria explica que o problema é o criterio que se estableza. O que di o regulamento é que as preguntas se contestan e non se debaten, pero aquí estanse debatendo de continuo. É o Sr. alcalde quen ten que establecer o criterio.

O Sr. alcalde pregúntalle á concelleira de EU se quere ler a segunda pregunta ou non.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López contesta que quere ler a segunda pregunta cando acaben coa primeira.

O Sr. alcalde dille que a primeira xa está finalizada.

A concelleira de EU dille que non.

O Sr. alcalde reitera que a primeira, pola súa parte, está finalizada. A Sra. concelleira de Economía e Facenda respondeulle á pregunta, a concelleira de EU interveu dúas veces, díxolle que nos vindeiros días convocarían esa comisión porque xa tiñan aquí o padrón, iso foi o que lle contestou, por iso lle pide que non enrede máis a madeixa.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López di que ela non está enredando a madeixa.

O Sr. alcalde expón que el o que lle di, e lle pide por favor, é que se quere lea a segunda pregunta e senón que non a lea, pero que llo diga.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López volve dicirlle que vai ler a segunda pregunta cando acaben coa primeira, porque non está contestada.

O Sr. alcalde dille que se non a quere ler, que pasan á terceira.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López dille que non pode facer o que está facendo, pregunta en base a que, e dille que o que lle está pedindo é unha réplica. Pidiuse por parte doutros concelleiros, concedéuselle a outros concelleiros e a ela non se lle concede, volve preguntar en base a que. El pídlle que non lle falte ao respecto, pero é el quen lle está faltando ao respecto a ela.

O Sr. alcalde manifesta que llo di o Regulamento orgánico municipal que aprobaron neste concello entre todos, ben é verdade que cos votos en contra do PP, pero dílo en base ao Regulamento orgánico municipal.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López pregunta a que artigo.

O Sr. alcalde dille que non ten o artigo diante e pregunta se ela o ten.

A concelleira contesta que o das preguntas é o 115.

O Sr. alcalde sinala que el non o ten, que para iso está a Sra. secretaria, que llo acaba de informar.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López dille que non, que lle acaba de informar a el que aquí se vén facendo de forma contraria ao estipulado.

O Sr. alcalde expón que a concelleira quere simplemente armar lea neste pleno.

A concelleira dille que non, que quere facer unha puntualización.

O Sr. alcalde volve preguntarlle se quere ler a segunda pregunta, ou non.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López contesta que si, cando lle rematen de contestar á primeira.

O Sr. alcalde insiste en preguntar se vai ler a segunda pregunta ou a terceira.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López responde que a terceira non, a segunda.

O Sr. alcalde dille que, entón, que lea a segunda, senón levanta a sesión plenaria.

A concelleira pregúntalle se a está ameazando.

O Sr. alcalde dille que non, que ameazas ningunha, que ela fixo unha pregunta e que xa se lle contestou e o único que quere é enredar.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López di que ela quere facer unha puntualización sobre un tema de interese xeral para todos os veciños, ela incluída, quere facer unha puntualización sobre o tema da reunión aprobada por eles, e cre que falou con todo o respecto e con toda a tranquilidade coa concelleira. Está intentando aclarar un tema que este pleno municipal e esta Corporación aprobaron por unanimidade. Todos os concelleiros que están aquí sentados, todos levantaron a man e todos se comprometeron a determinadas cousas, e está facendo uso do seu dereito a pedir explicación de por que non se cumpren acordos entre todos estipulados e vistos.

E respecto da última resposta da concelleira, por imprecisa, necesita e require facer unha intervención, igual que fixeron os outros compañeiros, e ela non é menos concelleira que ninguén, e máis tampouco. Entón se lle permite esa puntualización, simplemente a fai, tarda 30 segundos.

O Sr. alcalde dille que non.

A concelleira di que, entón, terá que dicirlle en base a que.

O Sr. alcalde contesta que a pregunta está clara, o artigo está claro e o regulamento está claro.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López dille que non, que o artigo non está claro.

O Sr. alcalde volve preguntar se non vai ler a seguinte pregunta.

A concelleira de EU contesta que si, cando lle respondan á primeira. Di que o Sr. alcalde ponse así e ela tense que poñer igual, non lle deixa outra opción. Ou lle deixa facer unha puntualización, ou van seguir así.

O Sr. alcalde reitera que el aplica o Regulamento orgánico municipal, que foi o que eles aprobaron, e é pregunta, resposta. Os rogos pódense debater, ela podía ter feito isto como rogo e non como pregunta, e debatíase perfectamente e tiñan a quenda de réplica.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López pregunta por que lle corta a ela e aos outros non, e di que vai dar lectura á segunda pregunta.

O Sr. alcalde dille que el corta a todo o mundo.

A concelleira responde que non, que non cortou, que lle cortou a ela, pero que queda plasmado quen é el. A continuación dá lectura a seguinte pregunta presentada polo seu grupo.

2<sup>a</sup> Que medidas ten tomado o Goberno en relación coa exención do canon da auga, imposto pola Xunta de Galicia ás familias con rendas baixas e ás persoas que teñan un grave déficit de recurso?

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, contesta que actualmente, dende a Área de Servizos Sociais, ás familias con rendas baixas e que teñen graves déficit de recursos económicos abóaselles o 50% anual do recibo da auga. Iso faise dende Servizos Sociais, e a pesar de que iso se fai dende ese departamento o Concello de Cambre non ten competencias para regular medidas que afecten ao canon da auga, aínda así si que se ten feito algunha iniciativa neste sentido na política xeral de revisión das ordenanzas fiscais. O que van facer é solicitar á Xunta de Galicia que esas exencións as asuma directamente a consellería correspondente, porque cren que tratándose dun canon autonómico non ten por que asumilo, nin sequera no 50%, o Concello de Cambre.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, sinala que non lle contestou, que a pregunta non é esa, ela non lle estaba preguntando iso, está preguntando pola exención da Xunta de Galicia non polo Concello de Cambre.

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe di que lle repite, a ver se a entende. Ela pregunta que medidas ten tomado o Goberno en relación coa exención do canon da auga imposto pola Xunta de Galicia ás familias con rendas baixas e ás persoas que teñan un grave déficit de recursos. Le outra vez a pregunta, porque ao mellor a que non o ten entendido é ela.

Di que a resposta é a seguinte, dende Servizos Sociais abóase ás familias sen recursos o 50%, tanto do canon da auga como da taxa da auga. O 50% anual, a pesar de que o concello non ten competencias dentro do canon da auga, por iso vanlle solicitar á Xunta de Galicia que esas exencións as asuma a consellería correspondente. Di que lle respondeu exactamente o mesmo, só que con outras palabras, a ver se así a entende.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López pregunta se lle permiten unha puntualización, porque seguen sen contestarlle. Non lle están contestando, ela está falando dunha exención da Xunta de Galicia.

O Sr. alcalde di que cre que quedou contestado, e que el non o entende.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López dille que é moi fácil, e de verdade llo está dicindo tranquilamente, para que saia dese cegamento que ten e a escoite un momento. Di que a Xunta de Galicia, a partir do ano 2012, acordou eximir totalmente do pago do canon da auga aos fogares con rendas baixas, está falando da Xunta, non está falando en ningún momento do Concello de Cambre, e aos fogares que se consideran en risco de situación de exclusión social.

Por cálculos da propia Xunta hai 8000 potenciais beneficiarios que poderían chegar a pedir esa exención da Xunta. Efectivamente o Concello de Cambre non ten competencias, quen concede esa exención é a Xunta de



Galicia, e como é unha exención que non se aplica de oficio, senón que é o propio usuario quen a ten que tramitar, por descoñecemento de parte deses 8000 potenciais beneficiarios, 7500 segundo cálculos da Xunta de Galicia non a están percibindo. Di que como é moi parva, tamén ela o traslada con esta forma de falar así, para que todo o mundo estea ao seu nivel, porque lle acaba de chamar parva á cara, pero ben, si que o é, e reitera que non están percibindo esa exención porque non o saben, ou porque non hai comunicación de que existe esa exención.

Continúa dicindo que a Xunta de Galicia, como sabe que quen xestiona o cobro do recibo é o concello, o que fixo é contactar cos concellos. Cónstalles que se dirixiron aos concellos para que os departamentos de asistencia social trasladan directamente ás familias con menos recursos de cada concello a posibilidade de solicitar esa exención. Di que non está falando nin da axuda do concello, nin do 50%, nin do 40%, nin do 30%, a pregunta é esa. Preguntaba que medidas ten tomado o Goberno en relación coa exención do canon da auga imposto pola Xunta de Galicia ás familias con rendas baixas e ás persoas que teñan un grave déficit de recursos, e a iso non se contestou.

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe sinala que ao mellor o problema é que a pregunta a teñen que formular doutra forma. Dille que a traian ben formulada ao vindeiro pleno, porque tal e como está redactada, ou está mal, ou ela a entende mal, pero a pregunta di o que di, por iso lle pide que a traia formulada como ela quere que lle conteste para o vindeiro pleno, e ela lle contesta.

Antes de dar lectura á terceira pregunta, don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, lémbrolle ao Sr. alcalde que o Regulamento orgánico municipal foi aprobado pola Corporación, porque sempre lles está reprochando que o aprobaron nada máis que os grupos da oposición. Foi aprobado pola Corporación, polos votos maioritarios da Corporación, e todos teñen a obriga de cumprilo, porque este é un tema que sempre lles reprocha, todos os plenos.

O Sr. alcalde dille que el non sabe se citou Corporación ou citou Goberno, pide que lle perdoe, que terá que revisar a acta. El o que sabe é que se aprobou o Regulamento orgánico municipal nesta Corporación, e que o grupo popular votou en contra. Non sabe se foi iso o que dixo, ou se non se lle entendeu.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que sempre lles reprocha que eles o aprobaron, ese é o reproche que fai.

3<sup>a</sup> O cemiterio municipal de Cambre dispón dun elevador de cadaleitos que, segundo as nosas informacións, e a pesar do investimento realizado, nunca se utilizou. Este problema xa foi motivo doutras iniciativas e o problema segue sen solucionarse.

Pensa o Goberno dar solución ao problema ante a necesidade e demanda dos veciños e veciñas?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, contesta que efectivamente o elevador segue avariado. Fixéronse xestións con algunhas empresas eléctricas de aquí, para que o resolveran, pero ningunha empresa quixo meter a man aí. Cando se chamou á empresa que subministrou o aparato dixeron que cobraban en torno aos 1.900 euros por vir a ver que era o que tiña, por velo, non por reparalo. Viñan dende Barcelona, pero a el parécelle esaxerado.

Non obstante, un pouco antes de fin de ano veu polo concello un representante da empresa que lle vendeu ao concello o aparato e preguntou que pasaba. Díxolles que estaban en conversacións para establecer un servizo posvenda, ver se contrataban con alguén da zona e que estaban en negociacións cun taller de Arteixo. El pediulles que cando o tiveran, que o chamaran, que el se poñía en contacto co taller para facilitarlles o acceso, etc.

Conclúe dicindo que iso foi preto de finais de ano e que de momento está agardando. Tamén lle dixo que non viñera ofrecéndolles nada aquí mentres non solucionaran ese problema, que escusaban de volver vir ofrecerlles outros produtos. Así é como está o tema e segue sen reparar.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que están falando dun cemiterio que é de competencia estritamente municipal, onde o responsable do que ocorra alí é o concello. El a verdade é que non se explica como despois de moitísimos anos, e habendo un concelleiro de Obras e Servizos que é o responsable directo desa actuación e de que se repare ese elevador que nunca foi estreado, que non se teña reparado.

De verdade que el se sentiría frustrado, porque dille ao Sr. concelleiro que non lle diga que en Cambre non hai empresas que tecnicamente son capaces de facer unha revisión e dar un diagnóstico do que ten ese aparato. El non ten coñecemento e non sabe se os demais compañeiros de Corporación o teñen, de que a ningunha empresa de Cambre se lle pedira orzamento ou fora a facer unha revisión a ese aparato, non ten coñecemento ningún, e dille e asegúralle que en Cambre hai empresas e persoas coa capacidade suficiente como para intentar arranxar o aparato.

Por outra parte dilles que eles serán os responsables de que ocorra calquera tipo de desgraza por non utilizalo, porque ás veces estanse facendo as cousas non demasiado ben, e como dixo antes o cemiterio é municipal e eles son os seus responsables. O Sr. Marante estaba xa na anterior Corporación, e na outra, na outra e na outra, cando foi adquirido ese elemento, e preguntalle se nunca se lle ocorreu preguntar por que non funcionaba. Pregunta se son os veciños de Cambre os que teñen que estar protestando e dicir que teñen un aparato pechado na capela e non son capaces de poñelo en marcha.

Conclúe dicindo que a el sinceramente, como concelleiro da oposición, ata lle dá vergonza.

Don Manuel Marante Gómez dille que pódelle dar vergonza e pódelle dar o que queira, pero quen comprou ese aparato non foi el, non foi este concelleiro de Obras e Servizos. Non se comprou cando el levou Obras e Servizos neste concello nin foi o responsable. Quen o comprou xa non o puxo en funcionamento e, entón, algo haberá que preguntarlle a quen foi.

Reitera que quen o comprou xa non o puxo en funcionamento, que era para o cemiterio municipal, e quen o comprou tiña que ter sido o que o puxera a funcionar. Iso en primeiro lugar, e xa non o puxo. E di que el está intentando resolvelo. Se o Sr. Taibo coñece algún taller de Cambre que veña e o repare, ou que lles poida dar unha diagnose e reparalo, pídelle que llo diga, sen ningún problema, el acéptallo sen ningún tipo de problema, e daralle as grazas, porque el falou con algúns e ninguén quixo saber nada do tema. Se o Sr. Taibo coñece algún, de verdade que lle agradecería que llo diga, para que veña e o repare, sen problema ningún.

Don Luis Miguel Taibo Casás pide a palabra.

O Sr. alcalde dille que están na mesma situación que antes, e xa lle deu unha opción de réplica. O Sr. Marante xa o invitou a que lle dera un taller e, se llo dá, mañá ponse en contacto con eles.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que iso xa llo dixo o Sr. concelleiro noutra ocasión.

O Sr. alcalde preguntalle se el lle dixo o taller.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que esa é función do Sr. Marante, que por iso cobra. El está para denunciar un feito e o Sr. Marante para arranxalo, iso é o que pasa. Por outra parte, pregunta que é o que pasa, que se nas anteriores corporacións o Sr. Marante estaba de paso por aí, se era que non tiña coñecemento do que pasaba.

O Sr. alcalde contesta que el non o sabe, pero cre que a pregunta xa foi contestada.

Antes de finalizar a sesión, don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, pide unha cuestión de orde polo rogo do seu grupo e en relación coa providencia que lles pasaron. Quere saber se a Sra. secretaria ten o documento que lle pasou a el o Sr. Felipe Andreu, e que non lle pasou ao resto da Corporación, para incorporalo á acta de hoxe, porque di que lle deron dous papeis sen numerar, asinados polo Sr. alcalde e despois polo departamento de Deportes.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, sinala que iso é o recibí.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que el non sabe o que é, o que si sabe é que para non ter problemas despois, de se lles dá a todos a documentación ou non llela dá, tal e como está vaille pasar á secretaria unha copia para que, por favor, a faga constar en acta, para que todos os concelleiros a teñan debidamente.

A continuación, consta a transcripción literal da Providencia de Alcaldía de data 9 de xaneiro de 2015:

“Tendo en conta o atraso no que este concello está incorrendo na contratación de determinados servizos municipais e que se veñen prestando co reparo da Intervención municipal, é polo que se require:

Que os departamentos correspondentes en cada caso, antes do 15 de febreiro do ano que andamos, presenten nesta Alcaldía xustificante emitido polo departamento de Contratación de ter presentada a documentación necesaria para a incoación dos seguintes expedientes de contratación:

*Departamento de Obras e Servizos:*

- Servizo de mantemento de parques e xardíns
- Servizo de limpeza de edificios e instalacións municipais
- Servizo de mantemento de iluminación pública
- Subministración de gasóleo para a calefacción de edificios e instalacións municipais
- Aluguer de colector de obra para a brigada de obras e bombeo do Temple
- Aluguer de miniescavadora para a brigada de obras
- Servizo de desratización, desinfección e desinsectación do termo municipal
- Aluguer e mantemento de inodoros químicos

*Departamento de Servizos Sociais:*

- Servizo de impartición de actividades sociais

*Departamento de Deportes:*

- Servizos deportivos municipais de ximnasia de mantemento e outros

*Departamento de Réxime Interior:*

- Servizo de mantemento de aplicacións informáticas

*Departamento de Emprego:*

- Mantemento da páxina web, facebook e twitter “Ti fas Cambre”

*Departamento de Secretaría:*

- Aluguer locais grupos políticos”



E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte unha horas e trinta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente  
Manuel Rivas Caridad

A secretaria xeral  
M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia